

Manuel Caamaño Suárez

Manuel Caamaño Suárez (2 de xaneiro de 1936 – 5 de abril de 2026). Académico correspondente da Real Academia Galega, natural de Noia, foi un destacado activista cívico e cultural desde a mocidade, cando en pleno franquismo descubriu en Barcelona a Galicia oculta e tomou conciencia da súa realidade. Arquitecto técnico de formación, compaxinou a súa carreira profesional, na que estudou e contribuíu ao coñecemento da arquitectura popular galega, cun destacado activismo cívico e cultural en distintas asociacións e entidades, entre elas o Partido Socialista Galego (PSG) desde o seu grupo fundacional (1964) e a Agrupación Cultural O Facho, que presidiu de 1966 a 1979.



Manuel Caamaño no Museo do Pobo Galego,
do que foi membro da súa xunta reitora.

Fonte: Museo do Pobo Galego



Manuel Caamaño retratado en 2022.

Autor: Distrito Xermar (Fonte: AELG)



Manuel Caamaño na celebración do Día das Letras Galegas de 1968, dedicado a López Cuevillas, no Circo de Artesáns da Coruña.

Fonte: Fondo Castro Paris.



Manuel Caamaño coa nova directiva do Facho nun xantar celebrado en 1980.

Fonte: Fondo O Facho (Arquivo da RAG)



Caamaño con Víctor F. Freixanes e o arquitecto da UDC Cristóbal Crespo na homenaxe a Andrés Fernández-Albalat da RAG e da Delegación da Coruña do COAG (2024).

Fonte: Arquivo da RAG.



Caamaño, primeiro pola dereita na segunda fileira, escoitando a Franco Grande na homenaxe póstuma á académica Xohana Torres (2018).

Fonte: Arquivo RAG

Na etapa catalá, que iniciou como estudante da Universitat Politècnica de Catalunya, Manuel Caamaño contribuíu á galeguización do Centro Galego de Barcelona, do que foi vicesecretario, e foi fundador do grupo cultural Mocidade Galega de Barcelona. En 1962 regresou a Galicia e un tempo despois estableceuse na cidade da Coruña, onde participaría intensamente na súa vida asociativa. Como presidente do Facho, a asociación desenvolveu un sobresaliente labor galeguizador: contribuíu á popularización da celebración do Día das Letras Galegas, puxo en marcha concursos literarios e promoveu cursos de lingua galega, entre eles *O galego hoxe* (1978-1980) que ofreceu La Voz de Galicia durante a Transición, e que acabou recolléndose nun libro que nun ano e medio superou os 20.000 exemplares.

No mundo editorial, foi membro dos consellos da SEPT (1969-1975) — centrada na introdución do galego na liturxia católica— e da Editorial Galaxia (1972-1986), e promoveu e presidiu a Sociedade Cultural Escola Aberta (1978-1986). Este selo levou ao prelo títulos como historia gráfica *Galicia en imáxenes* e mereceu o Premio da Crítica de Galicia na categoría de iniciativas culturais (1980) e o Premio Otero Pedrayo (1984).

Como autor, Manuel Caamaño, alén de participar en diversas obras colectivas, publicou Pro e contra da liturxia en galego. *Historia dunha polémica* (1980), con X. M. Rodríguez Pampín; *Sobre Galicia como responsabilidade* (1988), que recompila os seus artigos en *La Voz de Galicia* entre 1970 e 1986 canda outros textos; *A casa-vivenda* (1997), *A casa popular* (1999), *As construcións adxectivas* (1999) e *As construcións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia* (2003), título distinguido co Premio Antón Losada Diéguez e o Premio da Crítica de Galicia; e *Dun tempo e dun país* (2006).

No campo do activismo cultural e cívico foi así mesmo vicepresidente da Coral Polifónica Follas Novas (1967-1969), un dos fundadores da revistas *Teima* (1976) e *Tempos Novos* (1997), de ADEGA e da Fundación Castelao; padroeiro e presidente da Fundación do Pedrón de Ouro (1983), membro do Consello Social da Universidade da Coruña por designación do Parlamento de Galicia (2003), socio da AELG e membro da plataforma ProLingua.

Como arquitecto técnico, en Catalunya Manuel Caamaño traballou para Agroman e xa de volta en Galicia, en Dragados y Construcciones. Primeiro como xefe de obras e despois como xefe de grupos de obras desta compañía, participou en numerosas e variadas obras, como a da Unidade Veciñal número 3 do Polígono de Elviña da Coruña, segundo o proxecto do arquitecto José Antonio Corrales Gutiérrez, ou a do pavillón de deportes de Riazor de Santiago Rey Pedreira.

Desde 1975 e ata 2000 foi profesor asociado da Universidade da Coruña, en cuxas aulas impulsou o uso do galego e deulles a coñecer a varias xeracións de futuros profesionais a arquitectura tradicional galega e promoveu o seu estudo. Foi ademais un activo membro do Colexio de Aparelladores e Arquitectos Técnicos da Coruña: ocupou o cargo de contador da súa xunta de goberno (1975-1978) e desde 1977 representouno no padroado do Museo do Pobo Galego, do que tamén foi membro da xunta reitora.

Fonte: Real Academia Galega (RAG)



Manolo Caamaño, segundo pola esquerda na primeira fila, con tódolos seus amigos de A Rigueira.

